

Currículos de FP

Resolución

PCPI de cortinaxe e complementos de decoración

Resolución de [] de [] de [], da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se establece o perfil do programa de cualificación profesional inicial de cortinaxe e complementos de decoración.....	3
1. Anexo I: módulos específicos.....	7
1.1 Módulo específico: iniciación en materiais, produtos e procesos téxtiles	7
1.1.1 Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación	7
1.1.2 Contidos básicos	8
1.1.3 Orientacións pedagóxicas	8
1.2 Módulo específico: técnicas de confección de cortinas e stores	10
1.2.1 Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación	10
1.2.2 Contidos básicos	11
1.2.3 Orientacións pedagóxicas	12
1.3 Módulo específico: técnicas de confección de coxíns, fundas e accesorios.....	13
1.3.1 Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación	13
1.3.2 Contidos básicos	14
1.3.3 Orientacións pedagóxicas	16
1.4 Módulo específico: formación en centros de traballo	17
1.4.1 Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación	17
2. Anexo II	20
3. Anexo III	21
4. Anexo IV	22
5. Anexo V	23
6. Anexo VI.....	24

Resolución de 17 de xuño de 2011, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se establece o perfil do programa de cualificación profesional inicial de cortinaxe e complementos de decoración.

O Real Decreto 295/2004, de 20 de febreiro, estableceu, entre outras, a cualificación profesional de nivel 1 de cortinaxe e complementos de decoración, pertencente á familia profesional de téxtil, confección e pel, así como os módulos formativos asociados ás unidades de competencia de que se compón.

O Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, recolle na súa disposición adicional terceira que os módulos específicos asociados a unidades de competencia de cualificacións profesionais de nivel 1 incluídos nos programas de cualificación profesional inicial desenvolven a competencia do perfil profesional e formarán parte da formación profesional do sistema educativo, e determina que a consellería con competencias en materia de educación establecerá o currículo dos módulos específicos dos respectivos perfís profesionais conforme o tecido produtivo de Galicia.

A Orde do 13 de maio de 2008 pola que se regulan os programas de cualificación profesional inicial na Comunidade Autónoma de Galicia establece no seu artigo 8 que os currículos dos módulos específicos dos perfís profesionais que se establezan se desenvolverán por medio de resolución da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, e que deberán tomar como referencia os módulos formativos asociados ás unidades de competencia que inclúa o perfil.

Na súa virtude, esta dirección xeral,

RESOLVE:

Primeiro.- Obxecto.

A presente resolución ten por obxecto o establecemento do perfil profesional do programa de cualificación profesional inicial de cortinaxe e complementos de decoración en Galicia.

Segundo.- Identificación.

O programa de cualificación profesional inicial de cortinaxe e complementos de decoración queda identificado polos seguintes elementos:

- Denominación: cortinaxe e complementos de decoración.
- Nivel: programa de cualificación profesional inicial.
- Duración: 580 horas.
- Familia profesional: téxtil, confección e pel.

Terceiro.- Competencia xeral.

Cortar, preparar, ensamblar e acabar cortinaxes e complementos de decoración,

aplicando as técnicas e os procedementos requiridos en cada proceso, logrando artigos coa calidade requirida en condicións de seguridade.

Cuarto.- Competencias profesionais, persoais e sociais.

As competencias profesionais, persoais e sociais deste programa de cualificación profesional inicial son as que se relacionan a continuación:

a) Interpretar ordes de selección de materiais téxtiles para procesos de confección, segundo a súa orixe e as súas características

b) Recoñecer produtos pola súa presentación e a súa etiquetaxe, para a súa aplicación en confección.

c) Identificar e seleccionar tecidos ou laminares segundo a ficha técnica, en función dos condicionantes propios do material, da cantidade necesaria e do artigo que se vaia confeccionar.

d) Recoñecer materiais e complementos para incorporar ao proceso de confección.

e) Interpretar a orde de confección dos artigos e a proposta de confección de artigos soltos, co fin de organizar o traballo nos procesos de confección.

f) Realizar a preparación, o axuste e o reaxuste das máquinas e os equipamentos, así como o mantemento de primeiro nivel, segundo a orde de confección e os tipos de materiais implicados no proceso de confección.

g) Marcar e cortar as pezas e os accesorios necesarios, tendo en conta as características dos materiais e con criterios de óptimo aproveitamento.

h) Preparar os materiais e ensamblalos por cosido ou outra técnica de unión, e incorporar pezas e accesorios para obter artigos conformados, coa calidade prevista.

i) Actuar segundo as normas de seguridade e saúde que afecten o seu posto de traballo e o proceso de confección.

j) Realizar e controlar as operacións de acabamento para lles conferir aos artigos as características e o aspecto de presentación final.

k) Comunicarse eficazmente coas persoas adecuadas en cada momento, respectando as canles establecidas na organización.

l) Manter hábitos de orde, puntualidade, responsabilidade e pulcritude ao longo da actividade.

m) Demostrar as actitudes de cortesía, respecto e discreción requiridas na atención á clientela.

n) Actuar con confianza na propia capacidade profesional e prestar atención ás innovacións que se produzan dentro do sector e que poidan fomentar o propio desenvolvemento profesional.

Quinto. Relación de cualificacións e unidades de competencia do Catálogo Nacional das Cualificacións Profesionais incluídas no perfil profesional.

Cualificacións profesionais completas incluídas no perfil:

Cortinaxe e complementos de decoración, TCP064_1 (Real decreto 295/2004, de 20 de febreiro), que abrangue as seguintes unidades de competencia:

- UC0177_1: Seleccionar materiais e produtos para procesos de confección.
- UC0178_1: Realizar o corte, a preparación, a ensamblaxe e o acabado de cortinas e stores.
- UC0179_1: Realizar o corte, a preparación, a ensamblaxe e o acabado de coxíns, fundas e accesorios.

Sexto.- Contorno profesional.

1. Ámbito profesional: mediana ou pequena empresa, ou taller artesán, de xeito autónomo ou por conta allea, dedicados á fabricación de cortinas e complementos de decoración.

2. Sectores produtivos: localízase en empresas dedicadas á moblaxe e a decoración de interiores e exteriores.

3. Ocupacións e postos de traballo máis salientables.

- Tapiceiro/a de mobles.
- Cosedor/ora á man ou a máquina doméstica, en xeral.
- Bordador/ora á man.
- Operador/ora de máquinas industriais de coser e bordar, en xeral.

Sétimo.- Módulos específicos.

1. Os módulos específicos deste perfil profesional, que toman como referentes os módulos formativos asociados ás unidades de competencia de que se compón, quedan desenvolvidos no anexo I da presente resolución.

2. Son os que se relacionan a continuación:

- ME0132: Iniciación en materiais, produtos e procesos téxtiles.
- ME0133: Técnicas de confección de cortinas e stores.
- ME0134: Técnicas de confección de coxíns, fundas e accesorios.
- ME0135: Formación en centros de traballo.

Oitavo.- Espazos e equipamentos.

1. Os espazos e os equipamentos mínimos necesarios para o desenvolvemento das ensinanzas deste perfil profesional son os establecidos no anexo II desta resolución.

2. Os espazos formativos establecidos poden ser ocupados por diferentes grupos de alumnado.

3. Non cómpre que os espazos formativos identificados se diferencien mediante pechamentos.

Noveno.- Profesorado e persoas formadoras.

1. A atribución docente dos módulos específicos que constitúen as ensinanzas deste perfil profesional nos programas de cualificación profesional inicial impartidos en centros de ensino públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria establécese no anexo III A) desta resolución.

2. As titulacións requiridas para a impartición dos módulos específicos que conforman o perfil profesional nos programas de cualificación profesional inicial para os centros de titularidade privada ou doutras administracións distintas da educativa establécese no anexo III B) desta resolución.

3. O perfil das persoas formadoras que impartan os módulos específicos en ámbitos produtivos establécese no anexo IV desta resolución.

Décimo.- Relación de módulos específicos coas unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais que inclúe o programa.

A relación dos módulos específicos coas unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais que inclúe o programa é a que figura na táboa que se inclúe como anexo V desta resolución.

Décimo primeiro.- Distribución horaria dos módulos específicos.

A distribución horaria dos módulos específicos cursados en ámbitos non produtivos especificase no anexo VI desta resolución.

Disposición derradeira. Entrada en vigor.

Esta resolución entrará en vigor a partir do día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 17 de xuño de 2011.

José Luis Mira Lema

Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

1. Anexo I: módulos específicos

1.1 Módulo específico: iniciación en materiais, produtos e procesos téxtiles

- Código: ME0132.
- Duración: 70 horas.

1.1.1 Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

- RA1. Distingue por procedementos sinxelos as fibras, os fíos e os tecidos, para os recoñecer.
 - CA1.1. Identificáronse as materias e os produtos téxtiles segundo as súas orixes.
 - CA1.2. Describíronse as características e as propiedades das materias e dos produtos téxtiles.
 - CA1.3. A partir de mostras de fibras, fíos e tecidos, fixéronse ensaios de carácter visual e táctil, indicando o que poida ser e o que non é.
 - CA1.4. Recoñecéronse as materias téxtiles por o seu comportamento en ensaios de combustión á chama: xeito de arder, olor despedido, se engurra ou funde, e residuo ou cinza que produce.
- RA2. Identifica as propiedades dos produtos téxtiles (fíos, tecidos ou tecidos non tecidos) en relación cos procesos de fabricación.
 - CE2.1. Describíronse os procesos básicos de produción de fíos, tecidos e tecidos non tecidos, e comparáronse os produtos de entrada e saída.
 - CE2.2. Observáronse mostras de fíos e comprobouse o tipo de torsión e/ou retorsión que teñen os cabos ou as fibras, segundo as súas características e as súas propiedades.
 - CE2.3. A partir de mostras de tecidos, desteceuse e deduciuse a estrutura do tecido, segundo as súas características e as súas propiedades.
 - CE2.4. Observáronse mostras de tecidos non tecidos e indicáronse as súas características e as súas propiedades.
 - CE2.5. Recoñecéronse os defectos máis comúns nos produtos téxtiles, en mostras e/ou imaxes fotográficas, debidos a fallos de fabricación.
- RA3. Relaciona os tratamentos (brankeamento, tinguidura e aprestos) que cumpra realizarlles ás materias primas para lles conferir unhas determinadas características.
 - CA3.1. Describíronse as características e as propiedades que lles transmiten os tratamentos máis salientables ás materias téxtiles a partir da observación e a análise de mostras.
 - CA3.2. Identificáronse as operacións básicas sobre esquemas de procesos de ennobrecemento.
 - CA3.3. Observáronse mostras de fíos, tecidos e tecidos non tecidos, e deducíronse os tratamentos recibidos segundo as súas características e as súas propiedades.
 - CA3.4. Recoñecéronse os defectos máis comúns nos produtos téxtiles en mostras, debidos a fallos de tratamentos de ennobrecemento.

- RA4. Distingue as condicións básicas de presentación, conservación, manipulación e acondicionamento de materias téxtiles segundo as súas características e as súas propiedades.
 - CA4.1. Relacionáronse os tipos de presentación e embalaxe cos requisitos de almacenamento e transporte.
 - CA4.2. Identificáronse etiquetas normalizadas de contidos, manipulación e conservación de materiais téxtiles.
 - CA4.3. Identificáronse as condicións de conservación que debe ter un almacén para manter as materias téxtiles en bo estado (temperatura, humidade, luz e ventilación).

1.1.2 Contidos básicos

Fibras naturais, artificiais e sintéticas

- Clasificación, características e propiedades das fibras.
- Esquema básico dos procesos de obtención.

Fíos

- Tipos.
- Procedementos de identificación.
- Esquema básico dos procesos de transformación.

Tecidos

- Calada e punto.
- Estrutura dos tecidos: esquema básico dos procesos de obtención.

Tecidos non tecidos

- Esquema básico dos procesos de obtención.

Tratamentos de ennobrecemento téxtil (acabamentos)

- Esquema básico dos tratamentos.
- Presentación comercial: identificación, manipulación e conservación.

1.1.3 Orientacións pedagóxicas

Este módulo específico contén a formación asociada á función de selección de materiais e produtos para procesos de confección.

A definición desta función e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo versarán sobre:

- Interpretación de ordes de selección de materiais téxtiles segundo a súa orixe e as súas características.
- Recoñecemento de produtos téxtiles pola súa presentación e a súa etiquetaxe, para a súa aplicación en confección.
- Manipulación, preparación e movemento de materiais de xeito ordenado, aplicando normas de seguridade e saúde.

- Identificación e selección de tecidos ou laminas segundo a ficha técnica utilizada nos procesos de confección.
- Recoñecemento de materiais e complementos incorporados ao proceso de confección.

1.2 Módulo específico: técnicas de confección de cortinas e stores

- Código: ME0133.
- Duración: 140 horas.

1.2.1 Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

- RA1. Analiza procesos de confección de diferentes modelos de cortinas e stores.
 - CA1.1. Interpretouse a información técnica necesaria para coñecer os procesos de confección.
 - CA1.2. Describíronse as operacións do proceso en relación cos materiais que compoñan o produto, e coas máquinas e os equipamentos básicos que se empreguen.
 - CA1.3. Explicáronse as características de distintos modelos, con sentido estético e/ou funcional, e indicouse o espazo físico en que se poidan colgar.
- RA2. Pon a punto as máquinas e os equipamentos básicos, segundo técnicas de corte, ensamblaxe ou acabado, e de acordo coas exixencias dos materiais, para os deixar en situación operativa.
 - CA2.1. Interpretouse a información técnica e manual de máquinas referente ao funcionamento, a posta a punto e o mantemento de primeiro nivel.
 - CA2.2. Describíronse e clasificáronse as máquinas e os equipamentos segundo as súas prestacións no proceso de confección.
 - CA2.3. En caso práctico, preparáronse máquinas segundo a información dada e realizáronse operacións de montaxe e desmontaxe, lubricación e limpeza, regulación e axuste, utilizando os procedementos e as técnicas habituais, e cumprindo as normas de seguridade.
- RA3. Prepara o tecido e os materiais para cortar por distintos procedementos, en función do artigo que cumpra obter, aplicando criterios de seguridade.
 - CA3.1. Describíronse os procedementos de preparación e corte de diversos materiais, controlando parámetros implicados, para evitar desviacións.
 - CA3.2. Seleccioñouse o material con base no artigo que cumpra confeccionar e realizouse o estendemento seguindo o proceso máis axeitado en función dos seus condicionantes: sen pregamentos, aliñado, coa tensión necesaria, e co sentido do fío e a dirección adecuados.
 - CA3.3. Realizouse o trazado de patróns sobre o material por distintos procedementos, sinalando puntos de unión, acabamentos de ourelas e colocación de adornos ou fornituras, facilitando a ensamblaxe posterior.
 - CA3.4. Detectáronse anomalías ou defectos no material, valorouse a repercusión no proceso e no produto, e enumeráronse as medidas que cumpra tomar.
 - CA3.5. Realizáronse con habilidade e destreza as operacións de corte de xeito ordenado, con pulcritude, precisión e seguridade, aplicando as técnicas e os procedementos adecuados.
 - CA3.6. Verificouse a calidade dos compoñentes cortados de xeito rigoroso e eficaz, e corrixióronse as anomalías detectadas.
- RA4. Realiza operacións de preparación e ensamblaxe, á man e/ou a máquina, de cortinas e/ou stores, segundo o modelo, aplicando criterios de seguridade.

- CA4.1. Clasificáronse e describíronse os sistemas de ensamblaxe en función dos tipos de unión, os medios e os materiais que se vaian utilizar.
- CA4.2. Realizáronse con habilidade, destreza e autonomía operacións de preparación para a ensamblaxe de acordo coa información técnica, concretando a secuencia de operacións e actuando con criterios estéticos e de seguridade.
- CA4.3. Identificáronse e seleccionáronse os procedementos en función de determinados criterios de ensamblaxe e elementos de unión, como tipos de fío ou adhesivos.
- CA4.4. Realizáronse con habilidade, destreza e autonomía operacións de ensamblaxe aplicando métodos e técnicas apropiados a cada tipo de unión (acabamento de ourelos, plisado, de pechamento, adorno, etc.), actuando con criterios estéticos e de seguridade, concretouse a secuencia de operacións.
- CA4.5. Verificouse a calidade dos compoñentes ensamblados ou do artigo de xeito rigoroso e eficaz, e corrixióronse as anomalías detectadas.
- RA5. Realiza os acabamentos adecuados para lles conferir ás cortinas e/ou aos stores a presentación e a calidade previstas.
 - CA5.1. Describíronse os procedementos de acabamentos de confección de diversos materiais, controlando os parámetros implicados para evitar desviacións.
 - CA5.2. Realizáronse operacións de acabamentos intermedios e finais con habilidade e destreza, de xeito metódico en función do artigo, con pulcritude, bo gusto e seguridade, polos procedementos e as técnicas habituais.
 - CA5.3. Reducíronse mediante pasada do ferro as anomalías detectadas (relevos, brillos, fíos sobrantes ou engurras) en función da forma do artigo.
 - CA5.4. Corrixióronse as anomalías ou os defectos de acabado arranxables baixo a súa responsabilidade, e comunicáronse os importantes con rapidez á persoa inmediatamente responsable.
 - CA5.5. Cubriuse a documentación xerada de xeito claro, concreto e conciso.

1.2.2 Contidos básicos

Proceso produtivo

- Corte dos materiais.
- Ensamblaxe e acabado.
- Máquinas e ferramentas.

Materiais máis empregados en confección de cortinas e stores

- Tecidos para cortinas, galerías, stores, etc.
- Fornituras e avíos: orla, entremedio, fita, biés, cordón, pasamanaría, etc.
- Accesorios e/ou compoñentes prefabricados.

Ventás ou espazos para cubrir

- Tipos e características.
- Sistemas de fixación e soportes: barra, raíl, gancho, espiral, etc.
- Cortinas: tipos e características.
- Cabezas de cortinas: tipos e características.

- Cintas para cabezas: tipos e características.
- Relación entre cortina e ventá: formas e estilo.
- Remates de cortinas: galería, bandó, grilanda, caída, abrazadeira, bordo, lazo e escarpela.
- Stores: tipos e características.
- Relación entre stores e ventás: formas e estilo.
- Dospel: tipos e características.
- Cortinas e doseleira: tipos e características.
- Deseño e esbozo do modelo.
- Fichas técnicas.
- Xogo de patróns para algún artigo.

Mantemento de primeiro nivel de máquinas, utensilios e accesorios

- Criterios e condicións seguridade nos procedementos de corte, ensamblaxe e acabamento de confección.

1.2.3 Orientacións pedagóxicas

Este módulo específico contén a formación asociada á función de realización do corte, a preparación, a ensamblaxe e o acabamento de cortinas e de stores.

A definición desta función e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo versarán sobre:

- Interpretación da orde de confección dos artigos, co fin de organizar o traballo.
- Realización da preparación, o axuste e o reaxuste das máquinas e dos equipamentos, e o seu mantemento de primeiro nivel.
- Marcaxe e corte das pezas e dos accesorios necesarios, tendo en conta as características dos materiais con criterios de óptimo aproveitamento.
- Formalización da documentación xerada de xeito claro, concreto e preciso.
- Preparación dos materiais e ensamblaxe das pezas e dos accesorios, por cosido ou outra técnica de unión, para a obtención do artigo, cos criterios de calidade establecidos.
- Realización e control das operacións de acabamento para lles conferir aos artigos as características e o aspecto de presentación final.
- Actuación segundo as normas de seguridade e saúde que afecten o posto de traballo e o proceso de corte, preparación, ensamblaxe e acabamento de cortinas e de stores.

1.3 Módulo específico: técnicas de confección de coxíns, fundas e accesorios

- Código: ME0134.
- Duración: 210 horas.

1.3.1 Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

- RA1. Analiza procesos de confección de diversos modelos de coxíns, fundas e accesorios.
 - CA1.1. Interpretouse a información técnica necesaria para coñecer os procesos de confección.
 - CA1.2. Describíronse as operacións do proceso en relación cos materiais que compoñen o produto, e coas máquinas e os equipamentos básicos que se empregan.
 - CA1.3. Explicáronse polas características dos modelos, con sentido estético e/ou funcional, e indicouse o espazo físico que poidan decorar.
- RA2. Pon a punto as máquinas e os equipamentos básicos segundo técnicas de corte, ensamblaxe ou acabado, e de acordo coas exixencias dos materiais, para os deixar en situación operativa.
 - CA2.1. Interpretouse a información técnica e os manuais de máquinas relativos ao funcionamento, a posta a punto e o mantemento de primeiro nivel.
 - CA2.2. Describíronse e clasificáronse as máquinas e os equipamentos segundo as súas prestacións no proceso de confección.
 - CA2.3. En caso práctico, preparáronse máquinas segundo a información dada e realizáronse operacións de montaxe e desmontaxe, lubricación e limpeza, regulación e axuste, utilizando os procedementos e as técnicas habituais, cumprindo as normas de seguridade.
- RA3. Prepara o tecido e os materiais para cortar por distintos procedementos, en función do coxín ou da funda que cumpra obter, cumprindo as normas de seguridade.
 - CA3.1. Describíronse os procedementos de preparación e corte de diversos materiais, controlando os parámetros implicados para evitar desviacións.
 - CA3.2. Selecionouse o material con base no artigo que cumpra confeccionar e realizouse o estendemento seguindo o proceso máis adecuado en función das condicionantes deste: sen pregamentos, aliñado, coa tensión e o sentido do fío necesarios, e coa dirección adecuada.
 - CA3.3. Realizouse o trazado de patróns sobre o material por diversos procedementos, sinalando puntos de unión, acabamentos de ourelas e emprazamentos de adornos ou fornituras, facilitando a ensamblaxe posterior.
 - CA3.4. Detectáronse anomalías ou defectos no material, valorouse a repercusión no proceso e no produto, e enumeráronse as medidas que cumpra tomar.
 - CA3.5. Realizáronse con habilidade e destreza as operacións de corte, de xeito ordenado, con pulcritude, precisión e seguridade, aplicando as técnicas e os procedementos adecuados, cumprindo as normas de seguridade.
 - CA3.6. Verificouse a calidade dos compoñentes cortados de xeito rigoroso e eficaz, e corrixíronse as anomalías detectadas.

- RA4. Realiza operacións de preparación e ensamblaxe, á man e/ou a máquina, de diversos artigos, segundo o modelo e cumprindo as normas de seguridade.
 - CA4.1. Clasificáronse e describíronse os sistemas de ensamblaxe en función dos tipos de unión, os medios e os materiais que se vaian utilizar.
 - CA4.2. Realizáronse con habilidade, destreza e autonomía operacións de preparación para a ensamblaxe de acordo coa información técnica, actuando con criterios estéticos e de seguridade, e concretouse a secuencia de operacións.
 - CA4.3. Identificáronse e seleccionáronse procedementos en función de determinados criterios de ensamblaxe e elementos de unión, como tipos de fío ou adhesivos.
 - CA4.4. Realizáronse con habilidade, destreza e autonomía operacións de ensamblaxe aplicando métodos e técnicas apropiados a cada tipo de unión (acabamento de ourelos, plisado, de pechamento, adorno, etc.), actuando con criterios estéticos e de seguridade, e concretouse a secuencia de operacións.
 - CA4.5. Verificouse a calidade dos compoñentes ensamblados ou do artigo de xeito rigoroso e eficaz, e corrixióronse as anomalías detectadas.
- RA5. Realiza os acabamentos adecuados cumprindo as normas de seguridade, para lles conferir a coxíns, fundas e accesorios a presentación e a calidade previstas.
 - CA5.1. Describíronse os procedementos de acabamentos de confección de distintos materiais, controlando parámetros implicados para evitar desviacións.
 - CA5.2. Realizáronse operacións de acabamentos intermedios e finais, con habilidade e destreza, de xeito metódico, en función do artigo, con pulcritude, bo gusto e seguridade, polos procedementos e as técnicas habituais.
 - CA5.3. Reducíronse por medio da pasada do ferro as anomalías detectadas (relevos, brillos, fíos sobrantes ou engurras), en función da forma do artigo.
 - CA5.4. Corrixióronse as anomalías ou os defectos arranxables mediante o acabamento, baixo a súa responsabilidade, e comunicáronse os importantes con rapidez á persoa responsable.
 - CA5.5. Cubriuse a documentación xerada de xeito claro, concreto e preciso.

1.3.2 Contidos básicos

Proceso produtivo

- Corte de materiais.
- Ensamblaxe e acabamento.
- Máquinas e ferramentas.

Tecidos máis empregados en coxíns, fundas, colchas, edredóns, etc.

- Fornituras e avíos: orla, entremedio, fita, biés, cordón, pasamanaría, etc.
- Accesorios e/ou compoñentes prefabricados.
- Complementos: volante, táboa, reberete, vivo, xareta, bispel, patchwork e outros remates.
- Recheos: guata, moletón, crina vexetal, pluma, algodón, etc.

Coxíns

- Formas, estilo e características.

Colchas

- Tipos e características.
- Relación entre a colcha e a cama.
- Formas e estilo.

Edredóns

- Tipos e características.
- Relación entre o edredón e a cama.
- Formas e estilo.

Cubrecanapés

- Tipos e características.
- Relación entre o cubrecanapé e o canapé.
- Formas e estilo.

Faldróns

- Tipos e características.
- Relación entre o faldrón e a mesa.
- Formas e estilo.

Fundas

- Tipos e características.
- Cadeiras: tipos e características.
- Relación entre a cadeira e a funda: formas e estilo.
- Sofás e cadeiras de brazos: tipos e características.
- Relación entre asento, respaldo e repousabrazos.
- Formas e estilo.
- Deseño e esbozo do modelo.
- Fichas técnicas.
- Xogo de patróns do artigo.

Equipamentos, ferramentas, utensilios e accesorios

- Mantemento.
- Medios de protección e seguridade persoal necesarios para o manexo de equipamentos e ferramentas.
- Criterios e condicións de seguridade nos procedementos de corte, ensamblaxe e acabamento de confección.

1.3.3 Orientacións pedagóxicas

Este módulo específico contén a formación asociada á función de realización de corte, preparación, ensamblaxe e acabamento de coxíns, fundas e accesorios.

A definición desta función e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo versarán sobre:

- Interpretación da proposta de confección de artigos soltos.
- Realización da preparación, o axuste e o reaxuste das máquinas e dos equipamentos, e o mantemento de primeiro nivel.
- Marcaxe e corte das pezas e dos accesorios necesarios, tendo en conta as características dos materiais, e con criterios de óptimo aproveitamento.
- Formalización da documentación xerada de xeito claro, concreto e preciso.
- Preparación dos materiais e ensamblaxe, por cosido ou outra técnica de unión, así como incorporación de pezas e accesorios para a obtención de artigos conformados, cos criterios de calidade establecidos.
- Actuación segundo as normas de seguridade e saúde da empresa que afecten o posto de traballo e o proceso de realización do corte, a preparación, a ensamblaxe e o acabamento de coxíns, fundas e accesorios.

1.4 Módulo específico: formación en centros de traballo

- Código: ME0135.
- Duración: 160 horas.

1.4.1 Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

- RA1. Recoñece a estrutura xerárquica da empresa e identifica as funcións asignadas a cada nivel en relación co desenvolvemento da actividade.
 - CA1.1. Identificouse a estrutura organizativa da empresa e as funcións de cada área.
 - CA1.2. Identificáronse os procedementos de traballo no desenvolvemento do proceso produtivo.
 - CA1.3. Relacionáronse as competencias dos recursos humanos co desenvolvemento da actividade produtiva.
 - CA1.4. Identificouse a importancia de cada elemento da rede no desenvolvemento da actividade da empresa.
 - CA1.5. Relacionáronse as vantaxes e os inconvenientes da estrutura da empresa fronte a outro tipo de organizacións empresariais.
 - CA1.6. Analizouse o tecido empresarial do sector en función da prestación que ofrezca.
 - CA1.7. Recoñecéronse as empresas tipo, e indicouse a súa estrutura organizativa e as funcións de cada departamento.
- RA2. Aмосa hábitos éticos e laborais no desenvolvemento da súa actividade profesional, de acordo coas características da tarefa asignada e segundo os procedementos establecidos da empresa.
 - CA2.1. Recoñeceuse e xustificouse:
 - Disposición persoal e temporal que necesita o posto de traballo.
 - Actitudes persoais (puntualidade, empatía, etc.) e profesionais (orde, limpeza e seguridade necesarias para o posto de traballo, responsabilidade, etc.).
 - Requisitos actitudinais ante a prevención de riscos na actividade profesional e as medidas de protección persoal.
 - Requisitos actitudinais referidos á calidade na actividade profesional.
 - Actitudes relacionadas co propio equipo de traballo e coa estrutura xerárquica establecida na empresa.
 - CA2.2. Identificáronse as normas de prevención de riscos laborais que cumpra aplicar na actividade profesional e os aspectos fundamentais da lei de prevención de riscos laborais.
 - CA2.3. Aplicáronse os equipamentos de protección individual segundo os riscos da actividade profesional e as normas da empresa.
 - CA2.4. Mantívose unha actitude clara de respecto polo ambiente nas actividades desenvolvidas e aplicáronse as normas internas e externas vinculadas.
 - CA2.5. Mantivéronse organizados, limpos e libres de obstáculos o posto de traballo e a área correspondente ao desenvolvemento da actividade.
 - CA2.6. Interpretáronse e cumpríronse as instrucións recibidas, e responsabilizouse do traballo asignado.

- CA2.7. Estableceuse unha comunicación e unha relación eficaces coa persoa responsable en cada situación, e cos membros do seu equipo, e mantívose un trato fluído e correcto.
- CA2.8. Valorouse a importancia da actividade propia e a adaptación aos cambios de tarefas asignados no desenvolvemento dos procesos produtivos da empresa, integrándose nas novas funcións.
- CA2.9. Comprometeuse responsablemente na aplicación das normas e dos procedementos no desenvolvemento de calquera actividade ou tarefa.
- RA3. Selecciona ordenadamente materiais e produtos para procesos de confección, seguindo as instrucións establecidas na empresa e aplicando as normas de seguridade e saúde.
 - CA3.1. Interpretáronse ordes de selección de materiais téxtiles para procesos de confección, segundo a súa orixe e as súas características, para procesos de confección.
 - CA3.2. Recoñecéronse produtos téxtiles pola súa presentación e a súa etiquetaxe, para a súa aplicación en confección.
 - CA3.3. Identificáronse e seleccionáronse tecidos ou laminares segundo a ficha técnica, de xeito ordenado e cumprindo normas de seguridade e saúde.
 - CA3.4. Recoñecéronse materiais e complementos para incorporar ao proceso de confección, de forma correcta e no momento adecuado segundo ficha técnica.
- RA4. Realiza o corte, a preparación, a ensamblaxe e o acabado de cortinas e stores tomando as medidas preventivas adecuadas para a saúde e a seguridade no contorno de traballo.
 - CA4.1. Interpreouse a orde de confección dos artigos, co fin de organizar o traballo de confección.
 - CA4.2. Realizouse a preparación, o axuste e o reaxuste das máquinas e dos equipamentos, así como o mantemento de primeiro nivel, segundo a orde de confección e os tipos de materiais implicados no proceso de confección.
 - CA4.3. Marcáronse e cortáronse as pezas e os accesorios necesarios, tendo en conta as características dos materiais e con criterios de óptimo aproveitamento.
 - CA4.4. Preparáronse os materiais e ensambláronse as pezas e os accesorios por cosido ou outra técnica de unión, para obter o artigo coa calidade prevista.
 - CA4.5. Actuouse segundo as normas de seguridade e saúde que afecten o posto de traballo e o proceso, e identificáronse, utilizáronse e coidáronse con corrección os equipamentos de seguridade máis adecuados para cada actuación.
 - CA4.6. Mantivéronse as zonas de traballo asignadas en condicións de limpeza, orde e seguridade.
 - CA4.7. Realizáronse e controláronse as operacións de acabado para lles conferir aos artigos as características e o aspecto de presentación final.
 - CA4.8. Cubriuse de xeito claro, concreto e preciso a documentación xerada.
- RA5. Realiza o corte, a preparación, a ensamblaxe e o acabado de coxíns, fundas e accesorios tomando as medidas preventivas adecuadas para a saúde e a seguridade no contorno de traballo.
 - CA5.1. Interpreouse a proposta de confección de artigos soltos, co fin de organizar o traballo.
 - CA5.2. Realizouse a preparación, o axuste e o reaxuste das máquinas e dos equipamentos, así como o mantemento de primeiro nivel.
 - CA5.3. Realizouse o mantemento de primeiro nivel consonte a documentación técnica.

- CA5.4. Marcáronse e cortáronse as pezas e os accesorios necesarios, tendo en conta as características dos materiais e con criterios de óptimo aproveitamento.
- CA5.5. Preparáronse os materiais, ensambláronse por cosido ou por outra técnica de unión, e incorporáronse pezas e accesorios para obter artigos conformados, coa calidade prevista.
- CA5.6. Actuouse segundo as normas de seguridade e saúde da empresa que afecten o posto de traballo e o proceso.
- CA5.7. Mantivéronse as zonas de traballo da súa responsabilidade en condicións de limpeza, orde e seguridade.
- CA5.8. Realizáronse e controláronse as operacións de acabado para lles conferir aos artigos as características e o aspecto de presentación final.
- CA5.9. Cubriuse a documentación xerada de xeito claro, concreto e preciso.

2. Anexo II

A) Espazos mínimos

Espazo formativo	Superficie m ² (12 alumnos/as)
Aula polivalente.	30
Laboratorio de análise e ensaios.	60
Taller de confección.	120

B) Equipamentos mínimos

Espazo formativo	Equipamento
<ul style="list-style-type: none">▪ Aula polivalente.	<ul style="list-style-type: none">– Equipamentos informáticos instalados en rede e con conexión a internet.– Equipamentos audiovisuais.
<ul style="list-style-type: none">▪ Laboratorio de análise e ensaios.	<ul style="list-style-type: none">– Mostras de fibras, fíos, tecidos, non tecidos e complementos.– Máquinas e equipamentos utilizados nos procesos produtivos relacionados co ennobrecemento téxtil.
<ul style="list-style-type: none">▪ Taller de confección.	<ul style="list-style-type: none">– Mesas e equipamento de corte.– Máquinas de corte.– Máquina de etiquetar.– Máquinas de coser planas.– Máquinas de pegar e soldar.– Postos múltiples de pasada do ferro.– Prensas.– Equipamentos de preparación e mantemento operativo das máquinas.– Tecidos, peles e laminados.

3. Anexo III

A) Especialidades do profesorado con atribución docente nos módulos específicos do perfil profesional

Módulo específicos	Especialidade do profesorado	Corpo
<ul style="list-style-type: none"> ▪ ME0132: Iniciación en materiais, produtos e procesos téxtiles. 	Patronaxe e confección.	Profesorado técnico de formación profesional.
	Procesos e produtos de téxtil, confección e pel.	Catedráticos/as de ensino secundario. Profesorado de ensino secundario.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ ME0133: Técnicas de confección de cortinas e stores. 	Patronaxe e confección.	Profesorado técnico de formación profesional.
	Procesos e produtos de téxtil, confección e pel.	Catedráticos/as de ensino secundario. Profesorado de ensino secundario.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ ME0134: Técnicas de confección de coxíns, fundas e accesorios. 	Patronaxe e confección.	Profesorado técnico de formación profesional.
	Procesos e produtos de téxtil, confección e pel.	Catedráticos/as de ensino secundario. Profesorado de ensino secundario.

B) Titulacións requiridas para a impartición dos módulos específicos que conforman o perfil profesional nos programas de cualificación profesional inicial para os centros de titularidade privada ou doutras administracións distintas da educativa

Módulos específicos	Titulacións
<ul style="list-style-type: none"> ▪ ME0132: Iniciación en materiais, produtos e procesos téxtiles. ▪ ME0133: Técnicas de confección de cortinas e stores. ▪ ME0134: Técnicas de confección de coxíns, fundas e accesorios 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Licenciado/a, arquitecto/a, enxeñeiro/a, mestre/a, arquitecto/a técnico/a, enxeñeiro/a técnico/a, diplomado/a, título de grao, técnico/a superior, ou outros títulos equivalentes cuxos perfís académicos se correspondan coa formación asociada aos módulos específicos no programa de cualificación profesional inicial.

4. Anexo IV

Perfil das persoas formadoras que impartan os módulos específicos do perfil profesional en contornos produtivos

Módulo específico	Perfil profesional da persoa formadora
<ul style="list-style-type: none">ME0132. Iniciación en materiais, produtos e procesos téxtiles.	<ul style="list-style-type: none">▪ Dominio dos coñecementos e das técnicas que se relacionan coa selección de materiais e produtos para procesos de confección, que se acreditará mediante un dos xeitos seguintes<ul style="list-style-type: none">– Formación académica de técnico superior ou outra de superior nivel relacionada con este campo profesional.– Experiencia profesional dun mínimo de tres anos no campo das competencias relacionadas con este módulo formativo.
<ul style="list-style-type: none">ME0133. Técnicas de confección de cortinas e stores.	<ul style="list-style-type: none">▪ Dominio dos coñecementos e das técnicas que se relacionan coa selección de materiais e produtos para procesos de confección, que se acreditará mediante un dos xeitos seguintes<ul style="list-style-type: none">– Formación académica de técnico superior ou outra de superior nivel relacionada con este campo profesional.– Experiencia profesional dun mínimo de tres anos no campo das competencias relacionadas con este módulo formativo.
<ul style="list-style-type: none">ME0134. Técnicas de confección de coxíns, fundas e accesorios.	<ul style="list-style-type: none">▪ Dominio dos coñecementos e das técnicas que se relacionan coa selección de materiais e produtos para procesos de confección, que se acreditará mediante un dos xeitos seguintes<ul style="list-style-type: none">– Formación académica de técnico superior ou outra de superior nivel relacionada con este campo profesional.– Experiencia profesional dun mínimo de tres anos no campo das competencias relacionadas con este módulo formativo.

5. Anexo V

Relación dos módulos específicos coas unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais que inclúe o programa

Módulo específico	Unidades de competencia
<ul style="list-style-type: none">ME0132. Iniciación en materiais, produtos e procesos téxtiles.	<ul style="list-style-type: none">UC0177_1: Seleccionar materiais e produtos para procesos de confección.
<ul style="list-style-type: none">ME0133. Técnicas de confección de cortinas e stores.	<ul style="list-style-type: none">UC0178_1: Realizar o corte, a preparación, a ensamblaxe e o acabado de cortinas e stores.
<ul style="list-style-type: none">ME0134. Técnicas de confección de coxíns, fundas e accesorios.	<ul style="list-style-type: none">UC0179_1: Realizar o corte, a preparación, a ensamblaxe e o acabado de coxíns, fundas e accesorios.

6. Anexo VI

Distribución horaria dos módulos específicos

Módulo específico	Horas totais	Sesi3ns semanais (*)
▪ ME0132. Iniciaci3n en materiais, produtos e procesos t3xteis.	70	3
▪ ME0133. T3cnicas de confecci3n de cortinas e stores.	140	6
▪ ME0134. T3cnicas de confecci3n de coxins, fundas e accesorios.	210	9
▪ ME0135. Formaci3n no centro de traballo.	160	-

* Distribuci3n semanal para os centros que impartan as ensinanzas do programa de cualificaci3n profesional inicial en sesi3ns de 50 minutos.